

Vigo, 23 de decembro de 2016

EXECUCIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO PAS FUNCIONARIO

Para os efectos dun mellor coñecemento polo conxunto da comunidade universitaria, singularmente do PAS Funcionario, das medidas que se están adoptando para a execución da relación de postos de traballo (RPT), cometido que o Consello de Goberno lle asignou expresamente a Xerencia de xeito simultáneo á aprobación da RPT o pasado 10 de outubro de 2016, infórmase que o 19 de de decembro de 2016, unha vez pechado o proceso de negociación dos criterios para a execución da RPT coa Xunta PAS, do cal se deu público coñecemento por diferentes vías ao conxunto da comunidade universitaria e singularmente ao PAS Funcionario, remitiuse, só ao persoal afectado por esta fase do procedemento, un escrito mediante correo electrónico ao enderezo que consta na Universidade de Vigo, ofrecéndolle a posibilidade de optar entre os postos que se indicaban en cada unha das comunicacións, seguindo idéntico protocolo de actuación ao utilizado en ocasións anteriores e en supostos similares pola Universidade de Vigo.

Consonte ao comunicado feito os postos finalmente adxudicados nesta fase terán carácter definitivo e resultarán de aplicar os *Criterios para a execución da RPT* publicados pola Xerencia o 14 de decembro de 2016 ([http://persoal.uvigo.es/opencms/export/sites/persoal/sites/default/microsites/persoal/galeria_documentos_uvigo/PAS/Actas/RPT-F -_execucixn Proposta de criterios.pdf](http://persoal.uvigo.es/opencms/export/sites/persoal/sites/default/microsites/persoal/galeria_documentos_uvigo/PAS/Actas/RPT-F_-_execucixn_Proposta_de_criterios.pdf)) e de tomar en consideración a orde de prelación sinalada. Para estes efectos fixouse de prazo para responder ata o 5 de

xaneiro de 2017 incluído, co obxectivo de que todo o persoal dispoña de tempo suficiente para comunicar a súa opción.

Nunha fase posterior, comunicarase a todo o PAS funcionario o seu destino, sexa este definitivo ou provisional, trámite necesario para poder convocar de xeito inmediato un concurso de méritos no que participará todo o PAS funcionario que teña interese ou que estea obrigado a facelo. As bases que o rexerán, propostas pola Xerencia, son practicamente iguais ás do anterior concurso e poden consultarse no seguinte enderezo:

http://persoal.uvigo.es/persoal_gl/PAS/organos/actas_xunta_persoal/